



NOME E APELIDOS :

CURSO :

XOGO , TRADICIÓN E CULTURA

Nos nosos días a cultura popular e as tradicións encontráanse nun momento difícil , por un lado trátanse de manter e recuperar máis por outro, enfrontase ao fenómeno da globalización. Ésta provoca a perda de singularidade cultural dos distintos pobos e rexións , dando lugar a unha cultura universalizada, onde as tradicións da transmisión oral e a través da práctica (cancións, contos, relatos, xogos..) cada vez teñen menos relevancia, condicionadas fundamentalmente polas novas tecnoloxías (videoconsolas, televisións, smartphones, tabletas..) que invaden e ocupan todo o noso tempo de ocio e libre.

" Xogo de tradición cultural, xogo tradicional, xogo popular " .. é aquel nado no seo dunha determinada comunidade para dar satisfacción ás súas necesidades lúdicas, necesidades inevitablemente marcadas polo seu modo particular de vida. Os xogos tradicionais forman parte da cultura da nosa comunidade, como creación propia e singular , e son transmitidos de xeración en xeración , de pais a fillos , de avós a netos , implicando esta transmisión unha interrelación entre os maiores e os rapaces de gran valor educativo.

O xogo popular e tradicional está plenamente integrado no contorno, posúe regras e condicións cambiantes , precisamente pola necesidade de adaptarse ao medio e ás circunstancias concretas nas que vai ser practicado. O feito de carecer regras fixas e de que estea plenamente integrado no medio provoca que o xogo popular poida ser re-creado constantemente, aparecendo continuamente novas variantes dun determinado xogo. O xogo popular non é só xogo. Cando un xogo popular é realizado importa tanto todo o que rodea como o xogo en sí. Dende a propia elección do xogador que panda , cando isto é preciso , como as actitudes dos xogadores, as súas reaccións ou a linguaxe utilizada, todo forma parte da escenificación do xogo. A principal función do xogo popular é procurar a enculturación dos rapaces novo na sociedade. Tanto é así que algúns autores só lles interesa o xogo popular dende esta perspectiva . Este sería o verdadeiro sentido do xogo popular.

O pobo galego foi quen de crear infinidade de maneiras de dar resposta ás súas propias necesidades lúdicas , ao tempo que tamén tivo a capacidade de transmitir esas creacións ás novas xeracións. Algunhas investigacións demostran que Galicia é unha das rexións de alto valor en canto a cantidade e vivencia dos seus xogos. A gran cantidade de xogos que existen é a documentación destes foi posible grazas a numerosos autores, asociacións, editoriais, alumnos ..., que os recompilaron para que non se esquezan. Existen persoas que pensan que os xogos tradicionais están perdidos , máis non morreron, desapareceu a súa práctica . Están durmidos e debemos espertalos. Temos a responsabilidade de evitar que só queden nos libros ou publicacións, debemos erguelos do seu letargo. Algúns deles só quedan na memoria dos nosos maiores, démoslle vida , devolvámolos a práctica.

Como dí o refrán , a falar aprendese falando , así que démoslle vida aos nosos xogos..

xogando!!



U.D CON MENOS TIÑAN MÁIS

CUESTIÓNS A RESPONDER

Responde de forma sintética e tras recoller información e madurar a túa resposta

- ¿Que é un xogo popular e tradicional ?
- ¿ Están perdidos os xogos tradicionais ? ¿ Cómo podemos recuperalos ?
- ¿Porqué a cultura popular e as tradicións se encontran agora nun momento difícil ?
- ¿Que é a enculturación ?